

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 14 de xuño de 2010 pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2010-2011, entre profesorado dos corpos de catedráticos e de profesorado de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticas e catedráticos e profesorado de escolas oficiais de idiomas, profesorado de música e artes escénicas, catedráticas e catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor do ano 2010, interinas, interinos, substitutas e substitutos e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 117, do martes, 22 de xuño de 2010, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Na páxina 11.446, anexo I, debe engadirse:

Concello	LOCALIDADE		CENTRO	
	Cód.	Localidade	Cód.	Centro

PROVINCIA DE PONTEVEDRA (código 36)

Pontevedra	360381301	Pontevedra	36020192	CFEA de Lourizán
------------	-----------	------------	----------	------------------

Na páxina 11.447, anexo II, debe engadirse:

Concello	LOCALIDADE		CENTRO	
	Cód.	Localidade	Cód.	Centro

PROVINCIA DA CORUÑA (código 15)

Negreira	1150561501	Negreira	15990129	Extensión EOI de Negreira
----------	------------	----------	----------	---------------------------

PROVINCIA DE PONTEVEDRA (código 36)

Nigrán	360350000	Nigrán	36990132	Extensión EOI de Nigrán
--------	-----------	--------	----------	-------------------------

Na páxina 11.450, anexo VI, na materia 590116, procesos na industria alimentaria, debe engadirse a titulación de licenciado en ciencia e tecnoloxía dos alimentos.

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Resolución do 23 de xuño de 2010 pola que se convocan probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico especialista en actividades deportivas, grupo III, pola quenda de promoción interna e pola quenda de acceso libre, vacante no cadro de persoal desta universidade.*

O reitor, en uso das atribucións conferidas polo artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decem-

bro, de universidades, modificada pola Lei 4/2007, así como nos estatutos desta universidade, resolve convocar probas selectivas para cubrir unha praza da categoría de técnico especialista en actividades deportivas, do grupo III, vacante no seu cadro de persoal laboral, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria

### 1. Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir con persoal laboral fixo unha praza vacante na categoría de técnico especialista en actividades deportivas do grupo III do convenio colectivo para o persoal labo-